



LOLXA  
ASOCIACIÓN  
AGROPECUARIA  
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	215.088
TOTAL ASISTENCIA	1.145		
TOTAL ADXUDICADOS	1.089		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	97	75
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	113	136
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	125	155

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	283	192
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	296	221
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	358	274

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	315	348
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	405	371

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	316.289
TOTAL ASISTENCIA	486		
TOTAL ADXUDICADOS	452		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.630
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	977
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	534
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	271

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	80.289
TOTAL ASISTENCIA	131		
TOTAL ADXUDICADOS	121		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,80	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,20	2,71
RAZA RUBIA GALEGA	2,31	2,32

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,550	0,00	<p><b>Mercado atípico coa terceira semana de estabilidade nas cotizacións:</b> Ao estrano mes de xuño do presente ano, súmase a primeira lonxa de xullo, onde os factores coxunturais alleos ao sector parecen empeñados en marcar o mercado do porcino para todo o 2008. Deste xeito, e cando deberían terse rexistrado as maiores subas do ano, as cotizacións mantéñense estábeis, froito dos efectos que está a ter o paro do transporte sobre o sector, e tamén a folga dos veterinarios que reduciu os días de actividade nos matadoiros.</p> <p><b>Situación do mercado:</b> Os pesos na presente semana baixaron con rotundidade despois da suba que se anotara na pasada semana froito do parón do transporte. Recurouse bastante a sobreoferta puntual existente e prevese que nas vindeiras semanas os prezos poidan seguir incrementándose. Destacar que actualmente e máis que nunca, as cotizacións dependen da evolución dos mercados Europeos, e aínda que no norte de Europa se entra agora nunha coxuntura desfavorábel (baixa o consumo), cuantitativamente están capeando bastante ben o tempora. Iso sí, os diferenciais nas cotizacións xa se reduciron e con esta tamén se recorta a marxe para as transaccións intracomunitarias. E o consumo interior segue a ser feble.</p>
SELECTO	1,305	0,00	
NORMAL	1,280	0,00	
CASTRADO	1,405	0,00	
CANAL II	1,662	0,00	
DESVELLE	0,72/0,78	+0,02	

**BACORIÑOS**

BASE 20 KGS.	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	S/C	S/C	--	<p><b>Sexta semana sen cotización no mercado dos bacoriños, marcan unha situación precaria.</b></p> <p>Os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiron deixar sen cotización ao bacoriño ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €, que tiñan prefixado xa con anterioridade para deixalo sen prezo.</p> <p>A semana pasada comentábase que a situación parecía mellorar moi lixeiramente, pero esta melloría truncouse ao longo da semana. Os efectos do paro do transporte fixo que as cotizacións do cebo se mantiveran estábeis nunha época onde soen repuntar para acadar o máximo anual (agravadas polo recorte en certas lonxas para esta semana). Isto desalenta a entrada normal dos bacoriños. Ademais, tamén chegan datos desalentadores de Holanda (principal exportador) que veu como as cotizacións se recurtaban na semana pasada 3 €, con perspectivas de que nesta se poidan volver a recurtar. Así, non parece que poidan rexistrarse cotizacións en táboa a curto prazo.</p>
NORMAL	S/C	S/C	--	

**OVOS**

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,52	0,00	1,52	0,00	<p><b>Estabilidade nas cotizacións dos ovos:</b> Tras as dúas subas producidas no mes de xuño, o mercado do ovo mantense estabilizado despois da reactivación que se veu dando nas últimas semanas. Así, a situación de sobranse comentada ao longo de case todo o ano parece quedar atrás e as baixas nas cotizacións producidas nos primeiros meses deste ano, parecen que reactivaron moi lixeiramente a demanda. As existencias repuntaron lixeiramente, pero seguen en parámetros normais para esta época do ano.</p> <p><b>Mercado Estabilizado e previsións de lixeiras alzas</b></p>
L	1,20	0,00	1,20	0,00	
M	1,08	0,00	1,08	0,00	
S	0,85	0,00	0,85	0,00	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00	<p><b>Novena semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas:</b> O mercado das galiñas mantense firme e como proba a estabilidade nas cotizacións repítese dende a última semana de abril. O mercado está equilibrado, caracterizado por unha baixa oferta estrutural (ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos). Encarándose de cheo a senda estacional de repeticións, nada apunta a que se rache esta estabilidade no curto prazo.</p> <p>As cotizacións son un 68% superiores ás de hai un ano.</p>

**COELLO**

GRANXA EN VIVO	EUROS		
	KG.	DIF	
NOVO	1,54	+0,15	<p><b>Lixeira reacción.</b> 20 céntimos de incremento nas dúas últimas semanas son indicadores dunha lixeira reacción no mercado cunícola, aínda que o mercado segue incerto; a situación non é comparábel á doutros anos polas tres semanas raras (paro do transporte e folga de veterinarios); así tampouco as partes achegan posturas e mentras os matadoiros insisten no baixo consumo a produción segue manifestando que a falta de coello é patente. As cotizacións das vindeiras apuntan á estabilidade ou cando máis a pequenos incrementos. <u>Solución de compromiso</u></p>